



ACTIVIDADES A REALIZAR POLOS NENOS/AS DE 1.º PRIMARIA DURANTE A SUSPENSIÓN DAS CLASES

do 8 ao 19 de xuño

Materias: Lengua, Lingua, Matemáticas e Valores

Queridas familias, nenos/as:

Chega o final de curso e con el última quincena da corentena. Foi un trimestre difícil, que nos puxo a todos/as a proba pero comezamos XUNT@S e remataremos XUNT@S. Non puidemos reencontrarnos como nos gustaría pero, grazas á vosa colaboración, sentinvos cerca. Espero que a situación mellore e volvamos “á normalidade” o antes posible.

Respecto ás clases, estas últimas dúas semanas quedan organizadas do seguinte xeito:

- **Rematar os temas.** No caso de Valores non dará tempo, pero non supón ningún problema porque os contidos atrasados se retomarán o vindeiro curso.
 - **Lengua, Lingua e Matemáticas:** rematamos o tema 12.
 - **Valores:** comezamos o tema 5. Este traballo vai dirixido aos nenos/as que están nesta optativa en lugar de Relixión
- Realizar e enviar as **probos de avaliación** dos temas 11 e 12.
- Escribir un email á titora cunha **valoración xeral** da evolución dos vosos/as fillos/as para ter en conta á hora de facer a sesión de avaliación final. Sabedes que neste momento as familias sodes os meus ollos e as vosas achegas son fundamentais. As notas non baixarán en ningún caso pero si poden mellorar se dispoño da información que o xustifique. A data límite para envío é o xoves 11 de xuño.
- Enviar as **felicitacións** para os nenos/as que cumpren anos en xuño e no verán, de xeito que poida realizar as tarxetas de recordo con todas as mensaxes. Explicareino na web cando chegue o momento.
- Facer a **portada** para archivar as fichas do 3.º trimestre. A próxima semana vos indicarei unhas datas para vir recoller algún material que quedou na aula. Neste material xa vai incluído todo o que precisades para facer a portada. As indicacións poñereinas na páxina web.
- **Traballo para o verán:** todos/as merecedes un bo descanso. Non quero que os nenos/as pasen todo o verán traballando pero non sería bo para eles/as que perderan as aprendizaxes adquiridas. É suficiente con que de vez en cando lle dediquen un tempo á lectura, escritura e conceptos básicos de matemáticas (números, contas e problemas). Cada un/unha ao seu ritmo e segundo as súas posibilidades, sen agobios, sen prisa... só co obxectivo de axudar a que os vosos fillos/as non esquezan o que aprenderon. Achegareivos varias propostas na web cando remate o curso para que todos/as teñades unha opción que vos poida axudar.

Como facer as probas de avaliación?:

- Adxunto os documentos na páxina web. Se tedes impresora, podedes imprimilas. Se non, NON PASA NADA, poden facelas nun folio poñendo só: nome, materia, temas 11 e 12, número de enunciado e respostas. Non teñen que copiar os enunciados (só poñer as respostas).
- As probas deben proporcionar información real dos coñecementos de cada neno/a polo que tedes que ser coidadosos coa axuda que lles ofrecedes. Podedes proceder do seguinte xeito: os adultos ledes os enunciados e vos asegurades de que os nenos/as entenden o que teñen que facer realizándolle algunhas preguntas. Logo poden lellos eles/elas todas as veces que precisen. Deixádeslle un tempo para realizalas (20-25 minutos soe ser suficiente). Se teñen dúbidas, resolvédellas con exemplos pero non lle deades as respostas porque senón a proba non vos ofrecerá datos reais. É preferible que deixen en branco o que non saben para poder comprobar o que adquiriron e o que non.
- Ao rematar, facédeslle unha foto e máis enviades por email para que eu poida ver como vai a evolución e ter datos para realizar a avaliación. **Estas probas só teñen carácter orientativo e informativo.** **A data límite para envialas é o xoves 11 de xuño.**

Lembrade que as **actividades son flexibles**. Poden facelas seguindo a orde establecida ou organizalas doutro xeito, e **non pasa nada se non o fan todo ou se hai cousas que non entenden**. Cada familia pode adaptar as propostas á súa situación particular e **deixar sen traballar certos contidos**. No primeiro trimestre do **vindeiro curso se retomarán** todos estes contidos que quedaron atrás debido á suspensión das clases.

Xa sabedes que podedes facer preguntas, aclarar dúbidas, realizar suxerencias ou simplemente saudar a través do correo electrónico. Intentarei respondervos o máis axiña posible seguindo o horario de 10:00 a 13:00h. O meu email é:

profeolallanantes@gmail.com

Grazas polo voso traballo, pola vosa implicación, polas vosas achegas, polas vosas ganas de seguir adiante, por permitirme estar cerca de vós desde a distancia, por interesarnos por min e pola miña familia, por estar sempre aí...

GRAZAS POR TODO!

GRAZAS POR TANTO!

A profe Olalla

ACTIVIDADES

Luns 8 de xuño:

- Lingua Galega: Repaso (páxina 240): 1, 2 e ditado (O zapateiro Marco vende zapatillas, zapatos, botas e calcetíns.).
- Matemáticas: Repaso (página 224).

Martes 9 de xuño:

- Matemáticas: Prueba de evaluación temas 11 y 12.
- Lengua Castelá: Interrogación y exclamación (página 234 y 235): ejercicios 1, 2 y 3.

Mércores 10 de xuño:

- Lingua Galega: Proba de avaliación temas 11 e 12.
- Valores: Tengo derechos y deberes (página 54: observar la lámina y 55: explicar la diferencia entre “derechos y deberes” que aparece en el recuadro rosa y hacer los ejercicios 1- escrito y 2- oral).
- Matemáticas: Repaso (página 225).

Xoves 11 de xuño:

- Lingua Galega: Comproba o que aprendiches (páxina 244).
- Matemáticas: Descanso.
- Lengua Castelá: Prueba evaluación temas 11 y 12.

Venres 12 de xuño:

- Lengua Castelá: Enviar por email as mensaxes para felicitar os cumpreanos.
- Matemáticas: Ponte a prueba (página 226).
- Lingua Galega: Adestro a escritura (páxina 241): ejercicio 5.

Luns 15 de xuño:

- Lingua Galega: Comproba o que aprendiches (páxina 245).
- Matemáticas: Resuelvo problemas (páginas 223).

Martes 16 de xuño:

- Matemáticas: Aprendo a resolver problemas (página 222).
- Lengua Castelá: Repaso (página 240): ejercicios 1, 2, 3 y dictado (Él toca la trompeta y yo el tambor.).

Mércores 17 de xuño:

- Lingua Galega: Comezar a portada para archivar as fichas do 3.º trimestre.
- Valores: Asumimos tarefas e as planificamos (página 56).
- Matemáticas: Comprueba lo que has aprendido (página 228): ejercicios 1 y 2.

Xoves 18 de xuño:

- Lingua Galega: Descanso
- Matemáticas: Comprueba lo que has aprendido (página 229).
- Lengua Castelá: Entreno mi lectura y mi escritura (página 241): ejercicios 4 y 5.

Venres 19 de xuño:

- Lengua Castelá: Rematar a portada para archivar as fichas do 3.º trimestre.
- Matemáticas: Enviar por email unha foto da portada rematada.
- Lingua Galega: Ponte a proba (páxina 242): ejercicios 1 e 3.

ACTIVIDADES COLECTIVAS: Será 1 por semana.

- Semana 8-12 xuño: enviar felicitacións para os nenos/as que están de aniversario en xuño ou durante o verán. **Data límite: venres 12 de xuño.**
- Semana 15-19 de xuño: facer a portada para archivar as fichas do 3.º trimestre. **Data límite para enviar unha foto do resultado: venres 19 de xuño.**

Irei explicando as tarefas na web. É importante que participen nestas actividades porque así verán os seus traballos e os dos/das demais publicados nas redes sociais do colexio e na web.

IMPORTANTE:

- Hai que **mirar** na páxina web **os recantos de todos os mestres/as que dan clase en 1.º** de Primaria porque aí é onde publican as actividades a realizar. Intentade **informalos** da evolución nas súas materias para que teñan datos que lles permitan coñecer a situación.
- **Os nenos/as que reciben apoio** deben ir aos apartados de **Orientación, Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe** para ver as actividades de reforzo que lles propoñen as profes Belén, Bárbara e Silvia. Realmente é recomendable que os visiten todos/as porque hai moitas propostas interesantes e de gran utilidade.

A profe Olalla